

O concelleiro delegado de Cultura e Universidade do Concello de Ferrol, nomeado por decreto da Alcaldía de data 13/04/2013, aprobou, no día de hoxe a seguinte resolución:

“Con data 9/03/2015 aprobouse mediante Decreto do concelleiro delegado de Cultura e Universidade a realización da actividade cultural “*Obradoiro de Gravado Primavera*”, así como as bases para a súa convocatoria.

O punto cuarto das ditas bases establece que “O período de inscrición será de **10 días hábiles** dende a data de publicación destas Bases na páxina web do Concello e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello.”

Segundo consta no expediente, as bases foron publicadas na web do Concello (sede electrónica-Taboleiro de anuncios) e no Taboleiro de edictos do rexistro xeral municipal o día 10/03/2015, polo que o prazo de inscrición rematou o pasado 23/03/2015, presentándose as seguintes solicitudes na seguinte quenda:

MARTES (17.00H-20.00H)	
APELIDOS E NOME	D.N.I.
SENDON LOPEZ, M ^a CARMEN	32635465-Y
SANZ ORJALES-AEGERTER, MANUELA (*)	X5714242-F
BUCLEY PEREZ, CLEOPATRA A.	32725920-W
ARAMENDIA CATALAN, MARTA	44637880-D
CACHAZA PRIETO, YOLANDA	32619857-S
HOYO SUAREZ, M ^a JESUS	32664085-Z
VEIGA FREIRE, NICOLAS (*)	32600959-T
DULCE ANCA, DAS(**)	32628099-T

(*)Solicitaron como primeira opción o horario de xoves de 17:00-20:00 h e como segunda opción o martes de 17:00-20:00 h.

(**)Solicitou como única opción o horario de xoves de 17:00-20:00 h.

O punto segundo das mencionadas bases indica que “*Darase formación a **dous** grupos, formados por un máximo de 15 persoas cada un deles. As clases serán un día á semana por cada un dos grupos, cunha duración de 3 horas. As clases impartiranse os **martes e xoves** de 17.00 horas a 20.00 horas no Centro indicado.*”

Segundo consta no expediente, o número de solicitantes ascende a oito, dos que cinco solicitaron como único horario os martes de 17:00-20:00, dous solicitaron este horario como segunda opción e un solicitou o xoves como única opción. De acordo co anterior e debido á escaseza de solicitudes, só procede a creación dun único grupo.

Á vista do anterior o Concelleiro delegado de Cultura e Universidade resolve:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista de admitidos ao “*Obradoiro de Gravado Primavera*” :

MARTES (17.00H-20.00H)	
APELIDOS E NOME	D.N.I.
SENDON LOPEZ, M ^a CARMEN	32635465-Y
SANZ ORJALES-AEGERTER, MANUELA	X5714242-F
BUCLEY PEREZ, CLEOPATRA A.	32725920-W
ARAMENDIA CATALAN, MARTA	44637880-D
CACHAZA PRIETO, YOLANDA	32619857-S
HOYO SUAREZ, M ^a JESUS	32664085-Z
VEIGA FREIRE, NICOLAS	32600959-T
DULCE ANCA, DAS	32628099-T

As persoas admitidas disporán dun prazo de **5 días hábiles**, dende a publicación desta listaxe na

páxina web do Concello, para o pago de matrícula (20€) e presentación do xustificante bancario no negociado de Cultura.

Se no transcurso deste prazo non se tivese presentado o xustificante de ingreso bancario, considerarase que se renuncia á praza.

SEGUNDO.- A realización do curso será no Centro Torrente Ballester (aula de gravado) e o comezo da actividade será o martes día 7 de abril de 2015 cunha duración de tres meses a partir desta data.

TERCEIRO.- Tendo en conta que o grupo non foi completado ata o número máximo establecido nas bases e ante demanda cidadá, amplíase o prazo para a presentación de solicitudes ata o día 31 de marzo de 2015.

O listado de admitidos neste período ampliado, publicarase o día 1 de abril na páxina web do Concello www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios). Xunto coa listaxe darase a coñecer o día de comezo da actividade para as solicitudes presentadas neste prazo de ampliación. O procedemento de pago será o establecido no punto 7 das bases que rexen esta convocatoria”.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos oportunos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Atentamente saúdao

Ferrol, 25 de marzo de 2015

O secretario xeral